

3.4. Prestacións sanitarias e sociais

UNHA VEZ ANALIZADAS NOS CAPÍTULOS ANTERIORES CUESTIÓN RELACIONADAS COA COBERTURA E o financiamento das prestacións sociais e as prestacións económicas, este apartado céntrase nos aspectos relacionados coas prestacións sanitarias e sociais.

O punto de partida do capítulo pode ser a presentación dos presupostos da Xunta de Galicia correspondentes á produción de bens públicos de carácter social para os anos 2003 e 2004. Como reflicte o **cadro 3.4.1.**, o presuposto ascendeu a 4.986,4 millóns de euros, un 7,7% máis que no ano anterior. A sanidade acolleu 2.557,0 millóns de euros, un 7,4% máis que no ano precedente, e a educación 1.735,7 millóns de euros, un 5,1% máis que en 2003.

INDICADORES DE SAÚDE

A análise da situación da saúde en Galicia, a partir dos datos facilitados pola Dirección Xeral de Saúde Pública, a Dirección Xeral de Tráfico e o Sergas, basearase no estudo dos principais indicadores da mesma, como son a **morbilidade** e a **sinistralidade**.

A Xunta de Galicia aplica unha serie de medidas ou programas destinados á protección e promoción da saúde, tal e como se recolle no **cadro 3.4.2.** No último ano dedicáronse un total de 24.025,6 miles de euros, un 10,1% máis que o dedicado o ano anterior, sendo as dúas primeiras partidas as de “Programa galego de vacinacións”, con 8.116,3 miles de euros, e “Prevención e control de enfermidades transmisibles”, con 3.701,6 miles de euros.

• Morbilitade

O **cadro 3.4.3.** amosa os principais datos das enfermidades de declaración obrigatoria nos anos 2003 e 2004. Ao longo do último ano notificáronse un total de 66.556 casos de **gripe** en Galicia (142.724 casos en 2003), o que supón unha taxa de 2.411,3 casos por cada 100.000 habitantes (5.188,1 casos no ano anterior).

A **varicela** é a segunda enfermidade máis importante en canto ao número de casos, con 12.942 casos, presentando unha incidencia de 468,9 casos por cada cen mil habitantes no ano 2004. No ano anterior declaráronse un total de 7.842 casos, 285,1 casos por cada cen mil habitantes.

No que á **sida** se refire, os datos acumulados ao primeiro semestre do ano 2004 amosan que, en Galicia notificáronse un total de 3.224 casos (o 4,7% do total estatal), dos que 77,8% (2.512 casos) corresponden a varóns. Oito de cada dez caso da sida corresponden a persoas residentes nas provincias de A Coruña e Pontevedra. No primeiro semestre de 2004 notificáronse un total de once casos da sida, dos que sete diagnosticáronse en Pontevedra e catro en A Coruña.

A vía de transmisión máis frecuente segue a ser a de compartir material de inxección para a administración parenteral de drogas (66,4%), o que se confirma tanto en homes como mulleres (68,2% e 60,1%, respectivamente).

Producción de bens públicos de carácter social 2003-04

	2003	2004	04/03
	(en miles de €)		(%)
Sanidade	2.381.427	2.556.954	7,4
Educación	1.651.610	1.735.723	5,1
Vivenda e urbanismo	179.858	188.220	4,6
Benestar comunitario	152.016	186.593	22,7
Cultura	169.801	211.126	24,3
Outros servicios sociais e comunitarios	96.285	107.751	11,9
Total	4.630.997	4.986.366	7,7

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 3.4.1. ►

Proxecto de investimentos do Programa de Protección e Promoción da Saúde 2003-04

	2003	2004	04/03
	(en miles de €)		(%)
Loita contra as drogodependencias	1.674,7	1.903,3	13,7
Coordinación e formación da saúde pública	120,0	-	-100,0
Prevención e control de enfermidades transmisibles	3.828,8	3.701,6	-3,3
Programa galego de vacinacións	7.617,9	8.116,3	6,5
Sistemas de información de saúde pública	390,8	472,1	20,8
Inspección, calidade e laboratorio saúde pública	1.368,6	1.515,1	10,7
Programas sanitarios	2.073,1	2.405,7	16,0
Control de riscos específicos	712,9	739,1	3,7
Control de riscos xerais	816,3	1.096,9	34,4
Equipamento informático saúde pública	376,8	1.012,0	168,6
Programas poboacionais de cribado	2.309,0	2.465,0	6,8
Programa de prevención e control de enfermidades non transm.	529,4	598,5	13,1
Total	21.818,2	24.025,6	10,1

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 3.4.2. ►

CADRO 3.4.3. ►

Enfermedades de declaración obrigatoria 2003-04

	2003		2004	
	número de casos	taxa/100.000 hab.	número de casos	taxa/100.000 hab.
Gripe	142.724	5.188,1	66.556	2.411,3
Meninxite tuberculosa	19	0,7	6	0,2
Meninxites víricas	324	11,8	311	11,3
Enf. meningocócica	87	3,2	89	3,2
Enf. invasiva por Hib.	7	0,3	14	0,5
Varicela	7.842	285,1	12.942	468,9
Sarampelo	3	0,1	-	-
Rubéola	4	0,1	4	0,1
Parotidite	143	5,2	124	4,5
Tose ferina	8	0,3	21	0,8
Toxinfeccións alimentarias	1.181	42,9	787	28,5
F. tifoidea e paratifoidea	20	0,7	21	0,8
Hepatite A	11	0,4	23	0,8
Hepatite B	54	2,0	36	1,3
Outras hepatites víricas	253	9,2	148	5,4
Lexionelose	68	2,5	63	2,3
Brucelose	12	0,4	6	0,2
Sífilis	60	2,2	65	2,4
Infección gonocócica	126	4,6	118	4,3

(1) índice epidémico acumulado

(2) Para o cálculo da taxa por cada cen mil habitantes empréganse os datos do Padrón a 1/01/2004 (para o ano 2003) e 1/01/2005 (para o ano 2004)

Fonte: Dirección Xeral de Saúde Pública, Boletín Epidemiolóxico de Galicia

GRD (1) máis frecuentes nos hospitais do Sergas 2003-04

	2003		2004	
	Episodios	Estadía media	Episodios	Estadía media
Parto sen complicacións	9.616	3,20	9.418	3,17
Trastornos respiratorios excepto infeccións, bronquite, asma con cc. maior	8.692	11,18	8.146	11,66
Insuficiencia cardíaca e choque	4.251	9,26	4.483	9,65
Pr. útero e anexos por ca. in situ e proceso non maligno sen cc.	3.232	6,28	3.423	6,20
Cesárea sen complicacións	3.294	7,84	3.275	7,67
Parto con complicacións	3.012	3,70	3.238	3,81
Trastornos cerebrovasculares específicos excepto AIT	2.799	13,24	2.751	13,87
Aborto con dilatación e legrado, aspiración ou histerotomía	2.515	2,13	2.687	2,04
Substitución de cadeira excepto por complicacións	2.588	13,18	2.589	12,83
Outros diagnósticos anteparto con complicacións médicas	2.206	3,58	2.423	3,52
Enfermedade pulmonar obstructiva crónica	2.660	9,22	2.401	9,92
Procedementos hernia inguinal e femoral idade > 17 sen cc.	2.111	3,13	2.336	2,85
Outros diagnósticos anteparto sen complicacións médicas	2.076	2,57	2.301	2,60
ICC e arritmia cardíaca con cc maior			2.212	12,39
Psicose	2.268	21,21	2.161	22,35
Apendicectomía sen diagnóstico principal complicado sen cc.	2.291	4,22	2.130	4,14
Anxina de peito	2.099	7,69	1.952	7,25
Quimioterapia	2.228	4,27	1.858	4,82
Subtotal	57.938	-	59.784	-

(1) metodoloxía que inclúe a agrupación das altas en función da súa complexidade (GRD) e que constitúe o sistema de medición da actividade asistencial dos centros na área de hospitalización de agudos

(2) Inclúe a actividade de Povisa con financiamento do Sergas

Fonte: Sergas

O **cadro 3.4.4.** recolle unha agrupación das **altas** en función da súa complexidade (GRD) que constitúe o sistema de medición da actividade asistencial dos centros na área de hospitalización de agudos. Os partos sen complicacións e os trastornos respiratorios excepto infeccións, bronquite, asma con cc. maior seguen sendo os que presentan o maior número de episodios, con 9.418 e 8.146 altas válidas no ano 2004, respectivamente. As súas estadias medias foron de 3,17 e 11,66 días, fronte aos 3,20 e 11,18 días do ano anterior.

▲ CADRO 3.4.4.

• Sinistralidade

No concernente á sinistralidade, cómpre diferenciar entre aquela motivada por accidentes de tráfico e os accidentes laborais. No primeiro caso, o **cadro 3.4.5.** amosa que no ano 2004 en Galicia prodúcese, a diferenza do acontecido no conxunto do Estado, unha lixeira diminución do número de accidentes con vítimas mortais. Este acado en Galicia no último ano os 295 accidentes (catro menos que no ano anterior), representando o 8,1% do número total de accidentes mortais en España (3.643 accidentes). No caso das persoas falecidas, o seu número medrou no ano 2004 en 28 persoas respecto ao ano precedente, chegando aos 366 falecidos (o 7,7% do total de persoas falecidas en España).

En relación ós accidentes laborais, analizados máis polo miúdo no capítulo **2.1.- Emprego**, o **cadro 2.1.20.** (*Accidentes e enfermidades profesionais 2003-04: distribución segundo a gravidade, provincias e sectores económicos*) reflicte que o número de accidentes laborais con baixa en Galicia creceu no ano 2004 un 2,5% respecto ao ano precedente para situarse nos 47.349 accidentes (46.190 no ano 2003).

Por sectores, en torno a un tercio dos accidentes producíronse nas actividades dos servizos (16.072 accidentes) e outro tercio nas ramas industriais (15.550 accidentes); a cuarta parte dos sinistros rexistráronse no sector da construción (12.166), e o 7,5% restante (3.561 accidentes), no sector primario.

Do total dos accidentes laborais con baixa rexistrados no ano 2004, a maior parte (o 97,6%) correspondeu a accidentes leves (46.180 accidentes) e o restante 2,5% (1.169 accidentes) foron graves ou mortais.

Accidentes de tráfico con vítimas mortais nas CC.AA. 2003-04

	Accidentes		Mortos	
	2003	2004	2003	2004
Andalucía	552	641	662	830
Aragón	178	164	216	224
Asturias	104	85	117	108
Baleares	78	105	91	137
Canarias	120	125	134	165
Cantabria	40	38	44	43
Castela-A Mancha	273	243	331	299
Castela e León	353	353	415	469
Cataluña	453	499	513	674
C. Valenciana	336	360	401	471
Extremadura	111	127	133	176
Galicia	299	295	338	366
Madrid	191	237	218	300
Murcia	114	134	131	168
Navarra	64	64	70	83
País Vasco	145	117	173	156
A Ríoxa	35	54	45	69
Ceuta e Melilla	-	2	-	3
Total	3.446	3.643	4.032	4.741

Fonte: Dirección General de Tráfico

CADRO 3.4.5. ►

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Analizados xa os aspectos orzamentarios e os programas de gastos do Sergas nos capítulos **3.2. Cobertura e financiamento** e **3.3. Prestacións económicas**, neste apartado faise referencia aos datos do número de camas instaladas e funcionantes nos distintos hospitais do Sergas e nos hospitais concertados, así como á actividade cirúrxica.

O **cadro 3.4.6.** amosa que os hospitais do Sergas, propios ou concertados, contaban no último ano cun total de 9.284 camas instaladas sen contar os hospitais psiquiátricos, mentres que o número de camas instaladas no ano precedente acadou as 9.291 camas. Os hospitais do Sergas acolleron no ano 2004 un total de 7.138 camas instaladas (o 95,6% do total das camas instaladas), das que 6.824 eran camas funcionantes.

Respecto á actividade cirúrxica nos hospitais do Sergas, **cadro 3.4.7.**, o ano 2004 presentou unha medra do número de intervencións realizadas, acadando as 155.749 intervencións (1.254 máis que no ano 2003). Deste total, o 76,8% (119.635 intervencións) son intervencións programadas, mentres que as 36.114 intervencións restantes son intervencións urxentes (o que representa o 23,2% sobre o total).

Atendendo á desagregación provincial, A Coruña é a que presenta o maior número de intervencións, con 68.146, o 43,8% do total de Galicia, seguida de Pontevedra, con 46.753 intervencións (un 30,0%).

O número de pacientes na lista de espera cirúrxica en Galicia (a 31 de decembro de 2004) ascendeu en Galicia a 32.510 persoas, sendo a súa demora media de 75,9 días (76,7 días no mesmo período do ano anterior).

Camas instaladas e funcionantes nos hospitais do Sergas 2003-04

Hospitais	2003		2004	
	Camas instaladas	Camas funcionantes	Camas instaladas	Camas funcionantes
C.H. Juan Canalejo-Marítimo de Oza	1.430	1.430	1.433	1.433
F.H. Virxe da Xunqueira	76	74	76	74
C.Universitario de Santiago	1.180	1.095	1.180	1.090
F.H. da Barbanza	80	80	80	80
C.H. Arq. Marcide-Novoa Santos	422	418	436	392
C.H. Xeral-Calde	795	724	801	729
H.C. da Costa	140	137	140	138
H.C. de Monforte	137	137	137	132
C.H. Ourense	851	849	845	811
H.C. de Valdeorras	94	94	94	94
F.H. de Verín	79	79	79	76
C.H. Pontevedra	581	573	554	539
C.H. Xeral Cies	666	666	690	673
H. Meixoeiro+Medtec	418	418	418	402
F.H. Salnés	84	86	85	80
H. Nicolás Peña	90	90	90	81
Total	7.123	6.950	7.138	6.824

Fonte: Sergas

◀ CADRO 3.4.6.

Actividade cirúrxica nos hospitais do Sergas 2003-04

	2003			2004		
	Total	Intervencións programadas	Intervencións non programadas	Total	Intervencións programadas	Intervencións non programadas
A Coruña	64.980	51.101	13.879	68.146	54.295	13.851
Lugo	23.114	17.826	5.288	21.505	16.233	5.272
Ourense	19.827	14.385	5.442	19.345	14.262	5.083
Pontevedra	46.574	34.909	11.665	46.753	34.845	11.908
Total	154.495	118.221	36.274	155.749	119.635	36.114

Fonte: Sergas

▲ CADRO 3.4.7.

◀ CADRO 3.4.8.

Doazóns e transplantes de órganos e tecidos 2003-04

	2003	2004	04/03 (%)
Doantes de órganos	92	79	-14,1
Transplantes de órganos	281	244	-13,2
Transplante renal	129	108	-16,3
Transplante hepático	86	79	-8,1
Transplante cardíaco	27	27	0,0
Transplante pulmonar	30	22	-26,7
Transplante pancreático	9	8	-11,1
Transplantes de tecidos	827	802	-3,0
Trans. progenitos hematopoyético	134	139	3,7
Transplante córneas	168	145	-13,7
Transplante oso	432	411	-4,9
Transplante vasos sanguíneos	14	24	71,4
Transplante válvulas cardíacas	22	32	45,5
Transplante membrana amn.	57	51	-10,5

Fonte: Sergas, Oficina de coordinación de Transplantes

CADRO 3.4.9. ►

CADRO 3.4.10. ►

Custo da prestación farmacéutica 2003-04			
	2003	2004	04/03
	<i>(en miles de €)</i>		<i>(%)</i>
Galicia			
Atención primaria	656.618,1	689.664,2	5,0
Atención especializada	137.338,8	160.222,9	16,7
Total	793.956,8	849.887,0	7,0

Fonte: Sergas, División de farmacia e productos sanitarios

Prestación farmacéutica en atención primaria 2002-03				
		2003	2004	02/03
		<i>(en miles)</i>		<i>(%)</i>
Recetas dispensadas		48.788	49.751	2,0
Activos		13.617	13.569	- 0,4
Pensionistas		35.171	36.182	2,9
Custo por receita		14,01	14,41	2,9
Activos		9,79	10,37	5,9
Pensionistas		15,64	15,93	1,9
Custo/cidadán da prestación		255,88	266,01	4,0
Activos		72,46	75,67	4,4
Pensionistas		662,22	689,35	4,1
Custo da prestación farmacéutica (1)		683,6	717,1	4,9
Activos		133,4	140,7	5,5
Pensionistas		550,3	576,4	4,7

(1) Non se inclúe o desconto do RD 5/2000
Fonte: Sergas, División de Farmacia e Productos Sanitarios

TRANSPLANTES E DOAZÓNS

Respecto aos transplantes en Galicia nos anos 2003 e 2004, o **cadro 3.4.8.** amosa unha redución dos mesmos: no caso dos transplantes de órganos supón unha redución dun 13,2% menos e no caso dos tecidos, dun 3%. Entre os transplantes de órganos (244), cómpre salientar o predominio dos transplantes de ril (108) e fígado (79), realizándose 22 de pulmón, 27 de corazón e 8 de páncreas. Entre os transplantes de tecidos (802), os máis importantes corresponden ós de oso, con 411, e os transplantes de córneas, con 145.

En canto ás doazóns, no ano 2004 o número de doazóns situouse nas 79, un 14,1% menos que no ano anterior (13 doazóns menos).

PRESTACIÓNS FARMACÉUTICAS

O custo da prestación farmacéutica no ano 2004 ascendeu a 849,9 millóns de euros, un 7% superior ao rexistrado no ano anterior. Deste custo, a meirande parte corresponde á atención primaria, que ascende a 689,7 millóns de euros (un 5% máis que en 2003), e os 160,2 millóns restantes (un 16,7% máis), á atención especializada (**cadro 3.4.9.**).

No concernente á prestación farmacéutica no caso da atención primaria o custo da prestación por cidadán, sen incluír o desconto RD 5/2000, foi de 266,01

Custo da prestación farmacéutica en atención primaria 2003-04

	Gasto (1)			Recetas			Gasto/receitas		
	2003	2004	04/03	2003	2004	04/03	2003	2004	04/03
	(en miles de €)		(%)			(%)	(en €)		(%)
A Coruña	253.309,7	264.217,2	4,3	19.210.115	19.574.835	1,9	13,19	13,50	2,4
Lugo	104.237,4	110.242,1	5,8	7.444.126	7.628.857	2,5	14,00	14,45	3,2
Ourense	97.282,9	101.781,6	4,6	7.076.551	7.214.508	1,9	13,75	14,11	2,6
Pontevedra	201.788,1	213.423,3	5,8	15.057.059	15.332.610	1,8	13,40	13,92	3,9
Total	656.618,1	689.664,2	5,0	48.787.851	49.750.810	2,0	13,46	13,86	3,0

(1) Inclúe o desconto do RD 5/2000

Fonte: Sergas, División de farmacia e productos sanitarios

Custo da prestación farmacéutica en atención especializada 2003-04

	2003	2004	04/03
	(en millóns de €)		(%)
Pacientes hospitalizados	54,7	57,6	5,4
Pacientes non hospitalizados	82,6	102,6	24,1
Total	137,3	160,2	16,7

Fonte: Sergas, División de farmacia e productos sanitarios

▲ CADRO 3.4.11.

◀ CADRO 3.4.12.

euros no ano 2004, fronte aos 255,88 euros do ano anterior, sendo o gasto farmacéutico medio por pensionista de 689,35 euros.

O número de receitas dispensadas ascendeu no último ano a 49.751 miles de receitas das que as persoas pensionistas facturaron un total de 36.182 miles de receitas. No último ano medrou o custo medio por receita en Galicia pasando dos 14,01 euros do ano 2003 aos 14,41 euros do ano 2004.

Atendendo á desagregación do custo do custo farmacéutico en atención primaria por provincias, o **cadro 3.4.11.** reflicte que é a provincia de A Coruña a que presenta un maior gasto farmacéutico, con 264,2 millóns de euros, seguida de Pontevedra con 213,4 millóns de euros.

Tendo en conta o número de receitas, o devandito **cadro 3.4.11.** reflicte que o custo da prestación farmacéutica por receita, incluíndo o desconto RD 5/2000, foi de 13,86 euros en Galicia (13,46 euros en 2003). A provincia de Lugo, cun custo de 14,45 euros, foi a que presentou o custo máis elevado, seguíndolle Ourense, con 14,11 euros. En Pontevedra, o custo farmacéutico por receita ascendeu a 13,92 euros, e en A Coruña, a 13,50 euros.

Respecto ao custo da prestación farmacéutica en atención especializada, dos 160,2 millóns de euros totais, o 64% (102,6 millóns de euros) corresponde a pacientes non hospitalizados, e o 36% restante, 57,6 millóns de euros, corresponden a pacientes hospitalizados. Comparado co ano anterior, o **cadro 3.4.12.** amosa que o custo da prestación farmacéutica en pacientes non hospitalizados medrou un 24,1%, en tanto que no caso dos pacientes hospitalizados, o seu crecemento foi do 5,4%.

Acollemento familiar 2004					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Acollementos remunerados					
Nº de acollementos remunerados	270	44	92	360	766
Nº de menores acollidos	365	57	118	488	1.028
Acollementos especiais					
Nº de acollementos remun.	10	12	3	17	42
Portadores de VIH	1	-	-	-	1
Minusvalía física e psíquica	-	-	-	2	2
Minusvalía física	3	-	1	5	9
Minusvalía psíquica	6	3	1	5	15
Nai menor de idade	-	-	-	-	-
Grupo de irmáns	-	3	-	2	5
Minusvalidez sensorial	-	1	-	-	1
Dificultades persoais e sociais	-	-	-	3	3
Outras	-	5	1	-	6
Nº de menores acollidos	10	19	3	32	64
Total de menores acollidos	1.055	178	393	1.024	2.650
Acollemento administrativo temporal	455	83	196	692	1.426
Acollemento xudicial	288	53	90	279	710
Acollemento provisional	88	19	34	4	145
En trámites de acollemento xudicial	224	23	73	49	369

Fonte: Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, Estatística de adopcións e acollementos

CADRO 3.4.13. ►

CADRO 3.4.14. ►

Datos de adopcións nacionais 2004					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Solicitudes abertas	104	30	42	100	276
Solicitudes arquivadas	56	8	14	58	136
Solicitudes idóneas. Lista de espera	366	195	134	450	1.145
Resolucións de acollemento preadoptivo	19	9	9	23	60
Propostas de adopción realizadas	18	8	7	13	46
Autos de adopción producidos	20	7	11	23	61
Menores en acollemento preadoptivo	19	12	9	26	66

Fonte: Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, Estatística de adopcións e acollementos

PRESTACIÓNS SOCIAIS

O **cadro 3.4.13.** amosa, a modo de resumo, os principais datos do **acollemento familiar** en Galicia. No ano 2004 o número de acollementos ascendeu a 1.903 (766 son acollementos remunerados) e o número de menores acollidos foi de 2.650, dos que 1.028 menores acollidos o son mediante acollementos remunerados.

A meirande parte dos acollementos corresponden a acollementos administrativos temporais. A 31 de decembro de 2004, un total de 1.037 familias acolleron, en total, a 1.426 menores, o 53,8% do total de menores acollidos. O devandito cadro indica que pola vía do acollemento xudicial, foron acollidos 710 menores, ascendo os acollementos provisionais a 145 menores. Están en trámites de acollemento xudicial un total de 369 menores.

O **cadro 3.4.14.** reflicte un resumo dos principais datos estatísticos de **adopción nacional** no ano 2004. Respecto ás solicitudes, o número de solicitudes de adopción nacional abertas ascendeu a 276, sendo o de solicitudes arquivadas de 136, ou o número de “solicitudes idóneas. Lista de espera” de 1.145 solicitudes. O número de autos de adopción producidos no ano 2004 ascendeu a 61, dos que 23 foron na provincia de Pontevedra e 20 foron na provincia de A Coruña.

Expedientes tramitados de adopcións internacionais 2004: distribución segundo país de orixe

	Exped. tramitados pola D. X. de Familia vía Ministerio Asuntos Sociais				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Brasil	-	-	-	1	1
Bulgaria	-	1	-	-	1
China	34	4	5	19	62
Colombia	3	-	-	1	4
O Salvador	2	-	-	-	2
Etiopía	20	5	2	41	68
Filipinas	4	1	-	2	7
México	2	-	-	1	3
Nepal	-	-	-	2	2
Panamá	2	-	-	1	3
Rep. Dominicana	1	-	-	1	2
Rusia	1	-	1	-	2
Ucraina	5	1	2	2	10
Total	74	12	10	71	167

	Exped. tramitados pola D. X. De Familia vía ECAI en Galicia				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Bulgaria	1	6	5	2	14
China	23	25	20	44	112
Rusia	9	5	8	16	38
Bolivia	5	4	-	4	13
Colombia	11	3	2	5	21
Total	49	43	35	71	198

	Exped. tramitados vía ECAI noutras comunidades autónomas				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Albania	3	-	-	-	3
China	2	3	-	-	5
Nepal	2	-	-	-	2
Brasil	1	1	-	1	3
Bulgaria	1	-	-	-	1
Hungría	1	-	-	-	1
Total	10	4	-	1	15

Fonte: Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, Estatística de adopcións e acollementos

◀ CADRO 3.4.15.

Menores de orixe estranxeira asignados ás familias no ano 2004: distribución segundo país de orixe

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Albania	3	-	-	-	3
Bolivia	5	4	-	4	13
Brasil	1	1	-	2	4
Bulgaria	2	7	5	2	16
China	57	29	25	63	174
Colombia	14	3	2	6	25
O Salvador	2	-	-	-	2
Etiopía	20	5	2	41	68
Filipinas	4	1	-	2	7
Hungría	1	-	-	-	1
México	2	-	-	1	3
Nepal	2	-	-	2	4
Panamá	2	-	-	1	3
Rep. Dominicana	1	-	-	1	2
Rusia	10	5	9	16	40
Ucraina	5	1	2	2	10
Total	131	56	45	143	375

Fonte: Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, Estatística de adopcións e acollementos

◀ CADRO 3.4.16.

No caso dos expedientes de **adopcións internacionais**, o número de expedientes tramitados ascendeu a 380, dos que 167 foron tramitados pola Dirección Xeral de Familia vía o Ministerio de Asuntos Sociais, e 213 vía Entidades Colaboradoras de Adopción Internacional (198 en Galicia e 15 noutras CC.AA.). Por provincias, dos 380 expedientes tramitados, 143 corresponden a Pontevedra e 133 á provincia de A Coruña.

Os principais países no caso da tramitación de expedientes de adopción internacional no ano 2004 son China, Etiopía e Rusia, con 179, 68 e 40 expedientes, respectivamente.

O número de **menores de orixe estranxeira** asignados ás familias galegas no ano 2004 ascendeu a 375 (143 deles na provincia de Pontevedra e 131 na provincia de A Coruña). Destes 375 menores, 174 proveñen de China, 68 de Etiopía, 40 de Rusia, 25 de Colombia e 16 de Bulgaria (**cadro 3.4.16.**). ■